

CONSELLERÍA DE FACENDA

DECRETO ... /2016, dode.....decembro, polo que se aproba o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2017.

O Plan Galego de Estatística é, conforme ao artigo 6 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma. Para o seu desenvolvemento e execución, o Consello da Xunta, a proposta da persoa titular da Consellería de Facenda, aprobará un Programa estatístico que terá a vixencia dun ano natural, conforme establece o artigo 9 da citada lei.

O Plan Galego de Estatística 2017-2021, aprobado pola Lei 15/2016, do 28 de xullo, prevé que os programas estatísticos anuais inclúan a relación de operacións, actividades estatísticas e actividades de interese estatístico que satisfagan os seus obxectivos, recollendo para cada unha delas as características que se determinan no seu artigo 9. Ademais, os programas incluírán unha relación das actividades vencelladas coas liñas de actuación salientables do artigo 6.4.

En cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, o proxecto do Programa estatístico anual 2017 foi elaborado polo Instituto Galego de Estatística, logo do informe preceptivo do Consello Galego de Estatística.

En virtude de todo o anterior, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do .. de ... de 2016.

D I S P O Ñ O:

Artigo 1. Aprobación do Programa estatístico anual 2017

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e o 3.2 da Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan Galego de Estatística 2017-2021, apróbase o Programa estatístico anual da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2017. Este Programa inclúe as operacións e as actividades estatísticas e de interese estatístico que dan cumprimento aos obxectivos do plan, realizadas polo IGE, os órganos superiores da Administración Xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, que coordinarán a súa actuación mediante os órganos estatísticos sectoriais. Nos anexos I, II, III e IV recóllense, clasifícanse e descríbense as operacións e actividades programadas. No anexo V figuran as modificacións con respecto ao programa 2016.

Artigo 2. Obxectivos informativos

Os obxectivos informativos do artigo 6 do PGE 2017-2021 comprenden as metas de información, a obriga de considerar a perspectiva de xénero e as liñas de actuación salientables.

1. Metas de información

O plan recolle no anexo II as metas de información estatística, que constitúen os seus obxectivos específicos de información. Para cumprir estes obxectivos prográmanse no 2017 as operacións e actividades estatísticas incluídas no anexo I deste decreto.

2. Perspectiva de xénero

As operacións e as actividades estatísticas programadas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas no programa que recaden datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo.

3. Liñas de actuación salientables

Dentro dos obxectivos informativos e como liñas de actuación salientables, o PGE 2017-2021 encomenda afondar na análise das seguintes materias: demografía, estrutura sociolaboral, estrutura sociocultural, cohesión territorial, conxuntura económica e estrutura económica. No anexo IV deste programa figuran as actividades de interese estatístico e outras actuacións concretas a realizar no 2017 para avanzar no obxectivo de incrementar o valor da información dispoñible. Xunto con esas, cómpre engadir outras de máis difícil concreción, pero tamén vencelladas coas liñas de actuación salientables, que se presentan a seguir:

a) Liña de actuación salientable 1. Demografía

- Estudo das cargas poboacionais que soportan as diversas divisións territoriais
- Estudo do grao de urbanización nas seccións censuais
- Estudo da poboación residente en establecementos colectivos
- Estudo das cifras poboacionais de referencia a 1 de xullo de cada ano
- Estudo para relacionar distintas bases de datos sociodemográficas dispoñibles no IGE

b) Liña de actuación salientable 2. Estrutura sociolaboral

- Estudo de extensións na información recibida da Seguridade Social

c) Liña de actuación salientable 4. Cohesión territorial

- Estudo da xeolocalización das empresas con sede en Galicia

d) Liña de actuación salientable 5. Conxuntura económica

- Estudo da relación entre fontes conxunturais e estruturais nas contas económicas de Galicia
- Previsión do crecemento do PIB trimestral de Galicia

e) Liña de actuación salientable 6. Estrutura económica

- Estimación da renda municipal dos fogares. Fontes para a estimación en base 2010 e enlace de series

- Estudo das contas por sectores institucionais
- Análise dos fluxos co resto das CC.AA. dos principais produtos
- Escenario macroeconómico de Galicia a curto prazo
- Crecemento potencial e output gap de Galicia

Artigo 3. Obxectivos instrumentais

Para cubrir estes obxectivos e outros do plan, prográmanse no 2017 as actividades de interese estatístico incluídas no anexo IV deste decreto.

Artigo 4. Obxectivos de calidade

Para cubrir estes obxectivos e outros do plan, prográmanse no 2017 as actividades de interese estatístico incluídas no anexo IV deste decreto.

Artigo 5. Carácter das operacións estatísticas

As operacións incluídas nos programas anuais con proxecto técnico consideraranse oficiais após a publicación dos seus resultados.

Disposición adicional

As actuacións estatísticas deste programa realizaranse dentro das dispoñibilidades orzamentarias existentes no estado de gastos do orzamento da Comunidade Autónoma para o 2017.

Disposición derradeira primeira

Facúltase á persoa titular da Consellería de Facenda para ditar cantas disposicións sexan necesarias para desenvolver e executar esta norma.

Disposición derradeira segunda

Esta disposición entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

Santiago de Compostela, de..... de dous mil

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Valeriano Martínez García

Conselleiro de Facenda

ANEXO I. Metas de información coas operacións e actividades estatísticas que as satisfán

ANEXO II. Operacións e actividades estatísticas por organismo responsable

ANEXO III. Descrición das operacións e das actividades estatísticas

ANEXO IV. Actividades de interese estatístico

ANEXO V. Relación entre os programas 2016 e 2017